



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Ramón Cabanillas

R/ Rosalía de Castro, 16 - 36630 CAMBADOS • Tel. 886 151 913 Fax 886 151 915

Correo electrónico: ies.ramon.cabanillas@edu.xunta.es

PLAN DE ACOLLIDA

IES RAMÓN CABANILLAS

CURSO 2020-21





Segundo as Instrucións do **30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, o equipo directivo elaborará un “**Programa de Acollida**”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás instrucións citadas e ao Protocolo de adaptación COVID-19 do IES Ramón Cabanillas para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 16 de setembro. Este documento será presentado ao Consello Escolar do centro e desenvolverase nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



a) Novas normas de organización e funcionamento

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. As mais salientables son:

1.- Entradas e saídas:


Horario de entrada		
Porta principal	Porta da Torre/Ciclos	Porta parking (Conxuro)*
4 ESO: 8:30	2º ESO: 8:30	*Acceso para 1º ESO. Nesta zona agardarán os alumnos de 1º ESO, ata ás 8:45 momento no que accederán ao instituto pola porta de Ciclos
2º BACH: 8:40	1º BACH: 8:40	
3 ESO: 8:45	1º ESO* : 8:45	

Horario de saída	
Porta principal	Porta da Torre/Ciclos
4º ESO: 14:20	2º ESO: 14:20
2º BACH: 14:25	1º BACH: 14:25
3º ESO: 14:30	1º ESO: 14:30



2.- Horario e zona de recreo:

- ✓ Realizarase só un recreo de **11:20- 12:00**, os alumnos baixarán de forma escalonada e ordenada, seguindo as rutas e portas de entrada.
- ✓ Dividiremos o patio en 4 zonas diferentes para cada nivel.
- ✓ No caso dos días de chuvia o alumnado fará o recreo no pavillón.



HORARIO RECREO

Curso	Hora de saída	Hora de entrada	Espazo de recreo
4º ESO	11:10	11:45	Diante da cafetería
2º ESO			Zona traseira dereita
2º Bach	11:15	11:50	Os que teñan permiso saen fóra do centro
1º Bach			Os que teñan permiso saen fóra do centro
3º ESO	11:20	11:55	Zona traseira esquerda
1º ESO			Zona dianteira esquerda (parking)



Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar no Salón de actos baixo as seguintes normas de seguridade:

- ✓ Un único asistente por alumno/a.
- ✓ Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- ✓ Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes
- ✓ Entre reunións haberá entre 30 minutos de separación, tempo no que se ventilará o Salón de actos e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Curso	Data	Hora
1º ESO	14/09/2020	16:00
2º ESO	14/09/2020	17:30
3º ESO	14/09/2020	19:00
4º ESO	15/09/2020	10:00
1º BACHARELATO	15/09/2020	11:30
2º BACHARELATO	15/09/2020	13:00
Reunión extraordinaria	15/09/2020	19:00



Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican dende o cambio da porta de acceso ao centro como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

MÉRCORES 23 DE SETEMBRO

Cursos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
1º ESO	Salón de actos	9:00	12:50
2º ESO	Salón de actos	10:00	13:40
1º BACHARELATO	Salón de actos	11:00	14:00

XOVES 24 SETEMBRO ¹

Cursos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
Alumnos 1º Bach que non viñeron o mércores por mor da folga	Salón de actos	9:00	14:25
3º ESO	Salón de actos	3º ESO A +B: 9:40 3ºESO C: 10:30	A+B+C 12:50
2º BACHARELATO	Salón de actos	2º A: 12:00 2ºB: 12:30 2º C: 13:00	A+B+C 14:00

VENRES 25 SETEMBRO ²

Cursos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
4º ESO	Salón de actos	4 A+B: 9:00 4ºC: 9:40	14:25

¹ 1º e 2º ESO e 1º Bach virán en horario habitual (8:50-14:30)

² 1º, 2º, 3º ESO E 1º e 2º Bacharelato horario habitual (8:50-14:30)



b) Actuacións de prevención, hixiene e protección

- ✓ Corresponde o persoal de limpeza do centro (3 membros) xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medida de hixiene se refire.
- ✓ Creación do **Equipo Covid** que actuará como referencia para o resto do personal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-21 do IES Ramón Cabanillas.
- ✓ Determinación do espazo de illamento COVID: aula entre os despachos de dirección. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen no Plan no punto 4.
- ✓ **Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.** Recollido no Plan de Adaptación.
- ✓ **Xestión de abrochos:** Recollido no Plan de Adaptación.
- ✓ **Cambio de aula:** antes de salir da clase deberá desinfectar as mans co xel hidroalcolico, saíran de forma ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade (1,5m) seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo pola parte dereita do corredor

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións
- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.



- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid, para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza.
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces pola mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara o levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.



c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

Equipo docente

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias (formación para equipos Covid) así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais /Edixgal como quedou amosado ao longo do curso pasado.
- Neste vindeiro curso actualizaremos esa formación (Abalar, Edixgal, Aulas virtuais...)
- O coordinador do equipo TICs con axuda do equipo directivo serán os responsables do mantemento da aula virtual.

Alumnado

A formación básica que un alumno/a debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de realizar unha docencia non presencial sería:

- Acceso á aula virtual e a EVA (Edixgal 1º e 2º ESO). Envío de tarefas a través da aula virtual e da plataforma EVA.
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta (nube, vídeo, documentos).

Para garantir que todo o alumnado poida seguir a docencia non presencial os primeiros días de clase comprobarase que todos os alumnos acceden a aula virtual/ EVA, irán curso a curso pasando pola aula de informática. Para facilitar o envío das tarefas ao alumnado adoptamos o compromiso de que todas as materias van a tratar contidos relacionados coas destrezas do traballo online nos primeiros días de clase.

Por outra banda, **as familias** deben de coñecer e manexar as vías de comunicación e información existentes no instituto, que son as seguintes:



- Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- Correo electrónico (ies.ramon.cabanillas@edu.xunta.es) vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites
- Teléfono: 886151913 para contactar co equipo Covid 886151911

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao instituto. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

Tanto para profesores como para alumnos supón un cambio na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.



- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao centro. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.